

MOCIÓN DE AER SOBRE CONTRATACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS

PLENO 27 OUTUBRO 2011. ACTA 20/2011

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tendo en conta o consenso de tódolos grupos políticos a prol da participación e transparencia parécenos que un dos mellores servizos que podemos facer a cidadanía, para demostrar que eses principios son algo máis que un manifesto de intencións, é poñer os medios e os procedementos para que sexan efectivos.

Temos, ademais, que facer un esforzo adicional para que esa imaxe de corrupción, amiguismos, e comportamentos pouco éticos que están a desprestixiar a participación política, sexan pouco probables, poñer cantos atrancos poidamos para evitalos, e un deses atrancos, o máis eficaz, é a transparencia.

Temos que ser transparentes polos motivos anteriores, pero tamén por convicción, porque non hai nada que ocultar, porque o Concello é de toda a cidadanía.

É con esta intención coa que propoñemos uns procedementos de control e participación nos mecanismos de contratación de obras e servizos que “non son competencia do Pleno”, posto que destes últimos xa existen os mecanismos de control e son, ademais, coñecidos e públicos.

PROPOÑEMOS QUE:

Respecto da “**contratación de obras e servizos que son competencia delegable do alcalde**” se apliquen os seguintes procedementos:

1. Respecto dos baremos a aplicar.

a. O custo, presuposto, constituirá o 75% da valoración final na adxudicación

i. **Subcontratación.** Calquera empresa que opte á realización dunha obra municipal no caso de realizala cos seus propios empregados obterá unha puntuación proporcional ao 20% da puntuación final deste apartado.

ii. Cando por mor da complexidade da obra se precise de subcontratación, esta deberá constar na proposta presentada e se así non fora poderá penalizarse.

iii. O incumprimento, ademais do establecido pola lexislación vixente de contratación, suporá que antes de ser convocada para unha nova obra ou servizo deberá contar coa aprobación da maioría na xunta de voceiros.

iv. As cooperativas terán unha valoración especial e puntuarase cun máximo do 2 % do custe da obra, proporcional ao porcentaxe de cooperativistas coa condición de traballadores. *Potenciándose a creación e desenvolvemento de cooperativas locais de autoemprego.*

- b. O 25% restante repartirase segundo o seguinte criterio:
 - i. 15% por menor subcontratación
 - ii. 5% por ser cooperativa de traballadores
 - iii. 5% por contratación de empregados mediante o INEM

2. Respecto do número de empresas que concursan.

- a. Concorrerán un mínimo de catro empresas.
- b. Chamaranse, sucesivamente, sempre seguindo a orde na que figuren na base de datos creada ao respecto de xeito tal que *só repita convocatoria aquela empresa gañadora do concurso anterior*. As demais pasarán ao final da lista segundo a puntuación acadada no concurso no que teñan participado.
- c. No caso de negarse a participar despois de seren invitados pasarán igualmente ao final da lista agás xustificación aceptada pola xunta de portavoces, en cuxo caso manterá a súa posición.
- d. Cando o concurso sexa aberto non incidirá na orde en que se encontren na base de datos.

3. Respecto do control, transparencia e participación.

- a. En canto se inicie calquera procedemento de contratación, serán informados tódolos grupos da Corporación.
 - b. Cada grupo da Corporación recibirá simultaneamente á súa publicación unha copia das bases que rexerán a convocatoria.
 - c. Calquera alegación presentada polos grupos da Corporación respecto do procedemento da convocatoria así como da concesión, farase constar na publicación da adxudicación.
 - d. Procederáse á publicación trimestral das obras contratadas, empresas as que se lle adxudicaron as obras e custo de ditas obras. Informarase directamente polas canles apropiadas e consensuadas a tódolos grupos do Concello.
 - e. Publicación dun dossier anual coas obras realizadas e empresas adxudicatarias, desglosando o importe por obras e empresas.
4. As obras ou servizos contratados por **procedemento aberto e con publicidade** contarán sempre coa participación dos grupos da Corporación de maneira proporcional á súa representación no Pleno.

5. Excepcións

Calquera excepción ás normas aprobadas deberá contar coa votación maioritaria da xunta de portavoces, aos que se lles consultará cunha antelación mínima de 4 días hábiles.

6. Con carácter de urxencia crearase unha **Comisión para a elaboración e ordenación inicial da base de datos** das empresas que teñan traballado co Concello, así como daquelas que o desexen facer. Dita Comisión estará constituída polos grupos da Corporación, Alcalde, Secretaria e Interventor.

- a. Para a elaboración de dita base de datos contarase coa colaboración da Asociación de Empresarios de Redondela e disporase da maior publicidade posible.
- b. Na base de datos farase constar, acreditacións, servizos e/ou actividade á que se adica, núm. de empregados (actualizable), técnicos cos que conta.
- c. Solicitarase que, con carácter voluntario, cada empresa facilite un dossier coa experiencia e obras que acrediten a súa capacidade.
- d. Na ordenación inicial terase en conta como criterio prioritario os traballos realizados para o Concello

7. Crear unha Comisión, con carácter temporal, para establecer os mecanismos de *control e seguimento das contratacións*.

8. Manifestación expresa do Alcalde na que conste que as delegacións de competencias respecto destes ámbitos deben exercerse segundo estes procedementos acordados no Pleno."

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, a Corporación en votación ordinaria e por dez votos en contra (do PP), un a favor (de AER) e dez abstencións (8 do PSdeG-PSOE e 2 do BNG) acordou rexeitar a moción nos antecedentes transcrita.